

Dentro da filosofía do ENTROIDO está a de comer e beber ata o límite. En Galicia a comida sempre foi un elemento fundamental, e no ENTROIDO máis ; filloas, cachucha, chourizos, lacón, orellas ... son delicias que se mesturan nos bandulllos dos larpeiros disfrazados ou non.

LACÓN CON GRELOS



ORELLAS




FILLOAS



CACHUCHA



HUAS, HUAS, HUAS.
QUEDACHE PAMPO
COA CACHUCHA. É
QUE... O DESTES
GALEGOS ...




BICA



CEIP DE PETELOS

BOLETÍN INFORMATIVO "A Nosa Fala" Nº 25



AS ORIXES E OS RITOS DO ENTROIDO: Non se sabe con certeza a orixe; algúns din que vén da tradición celta e outros que da adoración a Baco ou Dionisio (deus, na mitoloxía grega, do viño, agricultura e teatro) . O caso é que, coa chegada do cristianismo moitas das festas pagás foron cristianizadas . Deste xeito, esta celebración que posiblemente despedía ós longos e fríos días de inverno , mesturouse coa despedida da carne antes do período de abstinencia da Coresma que comenza o mércores de cinza.

As orixes das palabras que denominan a esta festa son : o termo **Carne Vale** (“adeus á carne” do que despois derivou a palabra CARNAVAL) e o termo “**Introitum**” (entrar a..., do que vén a palabra ENTROIDO OU ANTROIDO)

FESTA DO ENTROIDO EN GALICIA

En Galicia o Entroido celébrase dende sempre. Existen manifestacións dunha moi fonda tradición que aínda perdura ata hoxe, especialmente na provincia de Ourense, e nalgunhas partes de Lugo, mesturando esas tradicións ancestrais con outros elementos máis novos.

Os Cigarróns que son personaxes enmascarados e adornados (coma en Verín), as **Pantallas** que amolan ós viandantes con dúas vexigas cheas de aire (moi común no Entroido de Xinzo da Limia) , os distintos **Peliqueiros** (coma en Laza), personaxes que se distinguen pola súa animalización: non falan, levan chocas coma os animais, zorregan á xente e levántanlle a saia ás mulleres,...

Os disfraces no medio rural sempre foron moi variados, a súa simbolización é a de darlle a volta ó mundo do revés... Por iso hai homes vestidos de mulleres e mulleres vestidas de homes, de curas ou monxas... Moitas veces os que non tiñan disfrace, vestíanse coa roupa do revés.



ESTAS PÁXINAS ESTÁN MOI BEN,
PERO CREO QUE A QUE CHE GUSTA
A TI É A ÚLTIMA. IMOS?

